Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
MARTES, 20 DE OUTUBRO DE 2026
MARTES, 20 DE OCTUBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 200

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CABANAS

Anuncio bases para a ampliación da bolsa de emprego de persoal auxiliar de Axuda no Fogar do Concello de Cabanas

ANUNCIO

Expediente núm.: 1192/2026

Por Resolución de Alcaldía núm. 2026-0855 de data 07/10/2026 aprobáronse as bases reguladoras do proceso selectivo para a AMPLIACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO DE PERSOAL AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CABANAS, abríndose o prazo de presentación de solicitudes que será de CINCO (5) días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da provincia da Coruña. Así mesmo dáselle publicidade ás bases reguladoras que rexeran a convocatoria:

1. Obxecto da convocatoria

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección para a ampliación das Bolsas de Emprego existentes de persoal Auxiliar de Axuda no Fogar do Concello de Cabanas, mediante a incorporación de novas persoas aspirantes, co fin de atender as necesidades temporais de persoal que poidan xurdir na prestación do servizo de axuda no fogar.

As persoas seleccionadas incorporaranse ás Bolsas de Emprego vixentes, destinadas á cobertura de necesidades transitorias que requiran a contratación de persoal laboral temporal, tales como substitucións por ausencias, situacións de incapacidade temporal, permisos, licenzas ou outras necesidades de carácter temporal que poidan producirse no servizo.

2. Características, funcións e tarefas das prazas convocadas

O persoal da categoría de Auxiliar de Axuda no Fogar é o que realiza as tarefas de carácter asistencial e educativo, en contacto directo coas persoas usuarias do servizo, coa súa familia e o seu entorno.

As súas funcións e tarefas concretas son as establecidas no artigo 7.2 do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Cabanas.

a) Funcións

- Asistenciais, de atención persoal e doméstica.
- De orientación en actividades da vida diaria, favorecendo a súa normalización no funcionamento do fogar.
- Educativas, potenciando o protagonismo das persoas usuarias do servizo, sen substituílo naquelas tarefas que podan desenvolver por si mesmas e facilitando as canles de comunicación co seu entorno.
- De colaboración coa traballadora social na coordinación e avaliación do servizo.

b) Tarefas

As necesarias para levar a cabo as funcións anteriormente enumeradas, establecidas e supervisadas en cada caso pola profesional ou equipo responsable do servizo:

- Tarefas de atención persoal.
- Tarefas de carácter doméstico.
- Tarefas de carácter persoal, psicosocial ou educativo.

Xornada laboral:

A xornada laboral será de 37,5 horas semanais, de luns a domingo, cos descansos establecidos por lei.

Duración do contrato:

A duración do contrato laboral temporal estará suxeita ás necesidades do servizo, mentres perdure a situación que dea lugar á súa contratación, nos casos establecidos no punto primeiro das presentes bases.

Os traballos realizaranse en domicilios situados no núcleo urbano ou nas diferentes parroquias do municipio, de acordo coa programación de traballo que se designe, polo que as persoas seleccionadas terán que contar cos medios necesarios para o desprazamento, pola súa conta, dentro da xornada laboral.

Número de anuncio 2026/6530

As retribucións básicas e complementarias son as que figuran no orzamento municipal aprobado para o actual exercicio económico, coas actualizacións que procedan para as seguintes anualidades, no seu caso.

3. Requisitos das persoas aspirantes

As persoas aspirantes que participen na presente convocatoria deberán reunir os seguintes requisitos:

- Ter nacionalidade española, sen prexuízo do establecido no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade prevista para a xubilación.
- Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das correspondentes funcións.
- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado/a para exercer funcións públicas.
- Non estar incurso/a en causa de incompatibilidade, de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de novembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- Acreditación do coñecemento da lingua galega: nivel Celga 2 ou equivalente.
- Permiso de circulación clase B e dispoñibilidade para viaxar polas distintas parroquias, dispoñendo de medio de transporte para o desprazamento.
- Estar en posesión da titulación de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulada no Real Decreto 496/2003, de 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

Os citados requisitos entenderanse referidos á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias e manterse durante todo o proceso, así como, no seu caso, no momento de formalización do correspondente contrato de traballo.

4. Presentación de solicitudes

As presentes bases serán obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e sede electrónica do Concello de Cabanas.

As solicitudes para tomar parte no proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, no modelo que se engade como Anexo I, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base Terceira desta convocatoria.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Cabanas (de luns a venres de 09:00 horas a 13:00 horas) durante o prazo de cinco (5) días hábiles, cómputo que se iniciará ao día seguinte ao da publicación das bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Tamén se poderán presentar na forma establecida no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Neste caso, as persoas interesadas deberán comunicalo inescusablemente ao Concello, durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias, á dirección de correo electrónico correo@cabanas.gal, co fin de que, rematado o prazo de presentación de instancias, sen telas recibido, se pospoña a elaboración da relación de admitidos/as e excluídos/as até recibir a documentación remitida pola persoa aspirante. Non se admitirán instancias de participación que non cumpran esta condición.

Se conforme a este precepto se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a todos os efectos.

Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo as persoas aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación:

a) Copia do DNI.

b) Copia do título esixido para a categoría do posto convocado.

c) De ser o caso, copia cotexada do certificado acreditativo de estar en posesión do Celga 2, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.

De acordo co previsto no artigo 51.2 da Lei de Emprego Público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten dito coñecemento da Lingua Galega (Celga 2, ou equivalente), ou de estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán obter, para a definitiva superación do proceso selectivo, a cualificación de apto/a na proba específica de coñecemento da lingua galega que deberán realizar, de conformidade ao previsto na base novena da presente convocatoria.

Número de anuncio 2026/6530

e) Declaración xurada en relación coa posesión da capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto, así como de non estar inhabilitado/a para o desempeño de funcións públicas, segundo modelo adxunto no Anexo II das presentes bases.

f) Relación numerada de méritos que se aleguen e os documentos xustificativos correspondentes, que deberán ser orixinais ou copias cotexadas. O Tribunal non terá en consideración os méritos que non estean debidamente acreditados e que non se presenten nas condicións establecidas nas presentes bases.

g) Copia do carné de conducir B.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas aspirantes aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

5. Publicidade

As bases da presente convocatoria serán obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e sede electrónica municipal. As demais comunicacións efectuaranse na sede electrónica do Concello de Cabanas.

As relativas á resolución ou a actos do Tribunal faranse públicas a través da sede electrónica do Concello de Cabanas.

6. Admisión de persoas aspirantes

Rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía aprobará a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, indicando, de ser o caso, as causas da exclusión.

En ningún caso serán obxecto de emenda os méritos achegados inicialmente coa solicitude, podendo emendarse única e exclusivamente a documentación xustificativa dos requisitos establecidos na cláusula terceira.

A listaxe provisional publicarase na sede electrónica do Concello de Cabanas. As persoas aspirantes excluídas, e as que non figuren na listaxe provisional de persoas admitidas nin na de excluídas, terán un prazo de dous días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para corrixir os defectos da solicitude.

Unha vez transcorrido o prazo de dous días para corrixir os defectos da solicitude, o Alcalde aprobará a listaxe definitiva, que levará implícita a estimación ou a desestimación das solicitudes corrixidas.

A listaxe definitiva sairá publicada na sede electrónica do Concello de Cabanas. Na mesma resolución o Alcalde aprobará a composición do Tribunal, o lugar, data e hora para a súa constitución e posterior valoración dos méritos achegados polas persoas aspirantes na fase de concurso.

As persoas aspirantes excluídas poderán interpor contra a relación definitiva recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, nos prazos establecidos na lexislación vixente.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza que posúen os requisitos esixidos no procedemento de selección.

As persoas aspirantes que consten na relación de admitidos/as decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación no procedemento no caso de que non posúan algún dos requisitos.

7. Composición do Tribunal cualificador

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados pola Alcaldía segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por cinco persoas, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo: presidente/a, tres vogais e secretario/a.

Os membros do Tribunal Cualificador deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo. Deberá tenderse na súa composición á paridade entre home e muller.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino, o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación a aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual, sen que se poida desempeñar esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunha das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas, sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

Número de anuncio 2026/6530

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorra algunha das circunstancias ás que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Todos os membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.

As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do/a seu/súa Presidente/a.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas Bases.

Aos efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

8. Desenvolvemento do proceso selectivo

O proceso selectivo realizarase baixo a modalidade de **concurso de méritos e proba de galego**.

O Tribunal non poderá valorar os méritos que non foran alegados e que non estean probados nos documentos que as persoas aspirantes achegaran coas solicitudes. O Tribunal non poderá conceder ningún prazo para que as persoas aspirantes corrixan a documentación que fai referencia aos méritos.

8.1. Fase do concurso. Máximo 10 puntos

O Tribunal publicará o seu resultado na sede electrónica do Concello de Cabanas.

O Tribunal só admitirá documentos orixinais ou copias cotexadas para acreditar os méritos. O Tribunal non valorará os méritos que non estean xustificados dentro do prazo de presentación de instancias.

O Tribunal valorará a experiencia profesional e cursos de formación e perfeccionamento, cun máximo de 10 puntos, segundo o seguinte baremo:

8.1.1. Servizos prestados. Máximo 6 puntos

- Por servizos prestados en Administracións Públicas como funcionario/a interino/a ou persoal laboral temporal como auxiliar de axuda no fogar realizando funcións idénticas ou análogas ás establecidas para o posto que se convoca, a xornada completa: **0,10 puntos por mes traballado**.
- Por servizos prestados en empresas privadas como auxiliar de axuda no fogar, realizando funcións idénticas ou análogas ás establecidas para o posto que se convoca, a xornada completa: **0,05 puntos por mes traballado**.

As persoas aspirantes xustificarán os servizos prestados na Administración Pública mediante un certificado oficial da Secretaría correspondente, expedido ao efecto, ou contratos de traballo, onde se fagan constar os servizos prestados e a duración dos mesmos. Deberán achegar, ademais, Informe de Vida Laboral.

Os servizos prestados na empresa privada deberán acreditarse mediante contratos de traballo e Informe de vida laboral.

No caso doutra modalidade de xornada será avaliada de xeito proporcional.

8.1.2. Cursos de formación e perfeccionamento. Máximo 4 puntos

Valorarase ata un máximo de 4 puntos a asistencia a cursos impartidos por Administracións Públicas, organismos públicos, centros oficiais ou dependentes de Administracións Públicas ou Universidades Públicas, directamente relacionados coas funcións propias do posto convocado e o desenvolvemento eficiente das mesmas, de acordo co seguinte baremo:

Horas	Puntuación
10 a 25 horas	0,10
26 a 50 horas	0,15
51 a 75 horas	0,20
76 a 100 horas	0,25
101 horas ou máis	0,30

Número de anuncio 2026/6530

Unicamente se valorará a formación complementaria e de perfeccionamento correspondente a Cursos de formación. Non se valorará a asistencia a xornadas, seminarios ou actividades análogas.

Non se valorarán cursos de informática, por non gardar relación directa coas funcións do posto convocado.

As persoas aspirantes acreditarán estes méritos mediante diploma, certificado ou xustificante expedido ou homologado por organismos oficiais. O Tribunal non admitirá como mérito neste apartado os certificados nos que non consten o número de horas.

8.2. Proba de galego

De carácter obrigatorio e eliminatorio, agás para aquelas persoas aspirantes que presentaran o certificado orixinal ou copia cotexada de ter superados os estudos conducentes á obtención do certificado de perfeccionamento na lingua galega ou Celga 2, expedido por organismo oficial ao efecto.

Consistirá na tradución dun ou varios textos facilitados polo Tribunal do castelán ao galego e/ou do galego ao castelán, nun tempo máximo de 30 minutos, coa cualificación final de "apto/a" ou "non apto/a".

9. Ampliación e funcionamento da Bolsa de Emprego

9.1. Ampliación e orde da Bolsa de Emprego

Determinada a cualificación final das persoas aspirantes, o Tribunal fará pública na sede electrónica do Concello de Cabanas a relación das persoas seleccionadas por orde decrecente da puntuación acadada no proceso selectivo.

En caso de empate na puntuación total, terá prioridade a persoa candidata que obtivese unha maior puntuación no apartado de experiencia profesional. De persistir o empate, atenderase á orde alfabética do primeiro apelido, iniciándose pola letra «M», de conformidade co resultado do sorteo feito público pola Resolución do 22 de xaneiro de 2026 da Consellería de Facenda e Administración Pública. De persistir aínda o empate, resolverase mediante sorteo público.

O Tribunal elevará á Alcaldía a relación das persoas seleccionadas, xunto coa acta da última sesión, para os efectos de aprobar mediante Resolución da Alcaldía a ampliación das Bolsas de Emprego existentes de persoal Auxiliar de Axuda no Fogar.

As persoas seleccionadas incorporaranse ás Bolsas de Emprego vixentes nos termos que se determinen na correspondente Resolución da Alcaldía.

A Bolsa de Emprego utilizarase para a contratación de persoal Auxiliar de Axuda no Fogar, como persoal laboral temporal, cando resulte necesario atender substitucións, baixas, permisos, vacacións, acumulacións temporais de tarefas ou outras necesidades temporais do servizo legalmente admisibles.

A inclusión na Bolsa de Emprego non xerará dereito ningún á contratación, senón unicamente a expectativa de chamamento nos termos establecidos nestas bases e conforme ás necesidades temporais de persoal que se produzan

A Bolsa de Emprego terá unha vixencia de cinco anos desde a súa publicación na sede electrónica do Concello de Cabanas.

9.2. Chamamentos

Os procedementos específicos para a contratación de persoal laboral temporal iniciaranse mediante informe do servizo correspondente no que se xustifiquen as circunstancias e necesidades de persoal.

Os chamamentos efectuaranse seguindo rigorosamente a orde de prelación da bolsa entre as persoas que se atopen en situación de dispoñibilidade no momento en que se produza o chamamento.

Os chamamentos realizaranse mediante chamada telefónica, entre as 09:00 e as 14:00 horas, ao número facilitado pola persoa interesada, deixando constancia no expediente da data e hora das actuacións realizadas.

Será responsabilidade das persoas integrantes da bolsa manter actualizados os datos de contacto facilitados ao Concello, debendo comunicar calquera modificación destes.

a) Chamamentos ordinarios

Nos chamamentos ordinarios efectuarase un primeiro intento de contacto telefónico entre as 09:00 e as 14:00 horas.

Se a persoa non atende a chamada nin a devolve antes das 14:00 horas da mesma xornada, efectuarase un segundo intento de contacto telefónico no día hábil seguinte, igualmente entre as 09:00 e as 14:00 horas.

Se a persoa tampouco atende este segundo chamamento nin devolve a chamada antes das 14:00 horas desa segunda xornada, considerarase que renuncia ao chamamento, resultando de aplicación o réxime previsto no apartado 9.4.

Número de anuncio 2026/6530

b) Chamamentos urxentes

Cando concorran necesidades urxentes e inaprazables do servizo que requiran a cobertura inmediata do posto, circunstancia que deberá quedar xustificada no expediente, poderá empregarse un procedemento abreviado de chamamento.

Nestes casos efectuarase un primeiro intento de contacto telefónico e, de non obter resposta, un segundo intento unha vez transcorridos, como mínimo, trinta minutos desde o primeiro.

Se, transcorrida unha hora desde o primeiro intento, a persoa non atendese ningunha das chamadas nin devolvese a comunicación ao Concello, considerarase non localizable para ese chamamento, podendo continuarse de inmediato coa seguinte persoa dispoñible segundo a orde de prelación.

A consideración de persoa non localizable nun chamamento urxente non terá a consideración de renuncia, non suporá penalización ningunha e non alterará a súa posición na bolsa.

Se a persoa inicialmente chamada devolvese a chamada antes de que outra persoa aceptase a oferta, poderá aínda aceptala. Unha vez aceptada a oferta por outra persoa integrante da bolsa, o chamamento considerarase concluído.

A incorporación ao posto de traballo deberá producirse no prazo indicado polo Concello, atendendo ás necesidades do servizo.

Unha vez aceptado o chamamento e acreditado o cumprimento dos requisitos esixidos, procederase á formalización do correspondente contrato laboral temporal, baixo a modalidade que resulte legalmente procedente.

A xornada laboral poderá ser a tempo completo ou a tempo parcial, dependendo das necesidades do servizo.

9.3. Situación de dispoñibilidade e suspensión temporal de chamamentos

As persoas integrantes da Bolsa de Emprego poderán atoparse, para os efectos da súa xestión, en situación de dispoñibilidade ou de suspensión temporal de chamamentos.

a) Situación de dispoñibilidade

Será a situación ordinaria das persoas integrantes da bolsa. Mentres permanezan nesta situación poderán ser chamadas polo Concello, respectando a orde de prelación correspondente.

b) Suspensión temporal de chamamentos

As persoas integrantes da Bolsa de Emprego poderán solicitar a suspensión temporal dos chamamentos cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Atoparse prestando servizos por conta propia ou allea.

b) Atoparse en situación de incapacidade temporal.

c) Atoparse gozando dun permiso por nacemento, adopción, garda con fins de adopción, acollemento ou situación equivalente legalmente recoñecida.

d) Concorrer unha situación de enfermidade grave, necesidade de coidado ou atención dun familiar que imposibilite temporalmente a incorporación ao posto de traballo.

e) Calquera outra circunstancia de natureza análoga, debidamente xustificada, que determine a imposibilidade temporal de aceptar unha contratación.

A solicitude de suspensión deberá presentarse por escrito a través do Rexistro Xeral do Concello, da sede electrónica municipal ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e deberá acompañarse da documentación acreditativa da circunstancia alegada.

A suspensión producirá efectos desde o día hábil seguinte ao da presentación da solicitude, sempre que resulte suficientemente acreditada a causa alegada.

Durante a situación de suspensión temporal:

- non se efectuarán chamamentos á persoa interesada;
- continuarase o chamamento coa seguinte persoa dispoñible segundo a orde de prelación;
- a persoa conservará a posición que lle corresponda na bolsa;
- a suspensión non terá carácter de renuncia, penalización ou exclusión;
- a suspensión non xerará ningún dereito respecto das ofertas ou contratacións realizadas durante o período no que permaneza suspendida.

Número de anuncio 2026/6530

Os chamamentos efectuados con anterioridade á data na que produza efectos a suspensión deberán ser atendidos conforme ao establecido nestas bases.

Non será necesario acreditar periodicamente a persistencia da causa que motivou a suspensión, sen prexuízo da facultade do Concello para requirir a súa acreditación cando concorran circunstancias que o xustifiquen.

Desaparecida a causa que motivou a suspensión, a persoa interesada deberá comunicar esta circunstancia e solicitar a súa reincorporación á situación de dispoñibilidade.

A solicitude de reincorporación presentarase polos mesmos medios establecidos para a solicitude de suspensión e producirá efectos desde o día hábil seguinte ao da súa presentación.

Unha vez efectiva a reincorporación, a persoa volverá quedar dispoñible para os chamamentos que se produzan a partir dese momento, mantendo a posición que lle corresponda na orde de prelación da bolsa.

A reincorporación non dará dereito a reclamar ofertas, chamamentos ou contratacións efectuadas durante o período de suspensión.

9.4. Renuncia aos chamamentos

Terá a consideración de renuncia:

a) A negativa expresa da persoa integrante da bolsa a aceptar unha oferta de contratación que lle fose efectivamente comunicada.

b) A falta de resposta aos chamamentos ordinarios nos termos previstos no apartado 9.2.a).

A renuncia terá a consideración de xustificada cando concorra algunha das circunstancias previstas no apartado 9.3.b) destas bases ou outra circunstancia debidamente acreditada que imposibilite temporalmente a incorporación ao posto de traballo.

A circunstancia que xustifique a renuncia deberá acreditarse no prazo de tres días hábiles desde o día seguinte ao do chamamento.

A renuncia xustificada non alterará a posición da persoa na bolsa.

A persoa interesada poderá solicitar, no mesmo escrito no que comunique a renuncia ou posteriormente, o seu pase á situación de suspensión temporal de chamamentos, caso no que resultará de aplicación o disposto no apartado 9.3.

Unha vez acordada a suspensión temporal, non será necesario presentar sucesivamente documentación acreditativa da persistencia da causa, sen prexuízo da facultade do Concello para requirila cando concorran circunstancias que o xustifiquen.

A renuncia inxustificada determinará que a persoa pase ao último lugar da correspondente bolsa.

As sucesivas renuncias inxustificadas producirán o mesmo efecto, sen que determinen por si soas a exclusión definitiva da bolsa.

9.5. Exclusión da Bolsa de Emprego

Serán causas de exclusión definitiva da bolsa:

a) A solicitude expresa da persoa interesada.

b) A non superación do período de proba, cando este proceda de acordo coa normativa laboral aplicable.

c) A perda sobrevida dalgún dos requisitos necesarios para o desempeño do posto.

d) Ter sido separado/a do servizo mediante expediente disciplinario ou atoparse en situación de inhabilitación nos termos establecidos pola lexislación aplicable.

e) A falsidade ou inexactitude esencial na documentación ou información achegada cando afecte aos requisitos necesarios para formar parte da bolsa.

A exclusión da bolsa será acordada mediante resolución do órgano competente, logo da tramitación que corresponda e con audiencia da persoa interesada cando proceda.

Con carácter previo á contratación, a persoa proposta deberá presentar a documentación que resulte necesaria para acreditar o mantemento dos requisitos esixidos para o desempeño do posto e, en particular, posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas propias do posto de Auxiliar de Axuda no Fogar.

Número de anuncio 2026/6530

10. Réxime de incompatibilidades

A persoa aspirante proposta, desde a súa contratación, quedará sometida ao réxime de incompatibilidades que establece a lexislación vixente nesta materia, segundo a regulación establecida na Lei 53/84, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

11. Carácter vinculante das bases

As bases da presente convocatoria vinculan á Administración, ao Tribunal Cualificador e ás persoas aspirantes que participen neste proceso selectivo.

12. Incidencias

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

13. Protección de datos de carácter persoal

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal incorporaranse a un ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Cabanas, onde as persoas aspirantes poderán exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación e cancelación.

Mediante a participación no presente proceso selectivo, as persoas aspirantes ao mesmo consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas, a avaliación das persoas aspirantes, así como a provisión do posto.

Igualmente, as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro de Edictos do Concello, a efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de selección, aos representantes dos/as traballadores/as, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

14. Réxime Xurídico

Para todo o non previsto nestas Bases será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia; Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e demais lexislación vixente que sexa de aplicación; Regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Cabanas; Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento; Lei 38/2003, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia e Orde de 22 de xaneiro de 2009 reguladora do servizo de axuda a domicilio.

Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e forma establecidos na Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

15. Recursos

Contra a Resolución da Alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con carácter potestativo e previo, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, en virtude do establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo

Número de anuncio 2026/6530

Común das Administracións Públicas, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia.

Se se opta por interpoñer recurso de reposición potestativo non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro que o/a interesado/a considere procedente.

En Cabanas, 7 de outubro de 2026

O Alcalde,

Fernando Couce Rodríguez

Número de anuncio 2026/6530

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE

PROCESO SELECTIVO PARA AMPLIACIÓN BOLSA DE EMPREGO DE PERSOAL AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CABANAS

DATOS DO/A SOLICITANTE

Nome e apelidos	
NIF	
Dirección a efectos de notificación	
Municipio, Código Postal e Provincia	
Teléfono	
Correo electrónico	

EXPÓN:

Vista a convocatoria para a ampliación da Bolsa de Emprego de persoal Auxiliar de Axuda no Fogar, declarando coñecer as bases reguladoras da convocatoria e considerando que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos nas Bases,

SOLICITA:

A súa admisión ao proceso selectivo de referencia, para o que acompaña a seguinte documentación:

- Copia do DNI.
- Copia do título esixido na base 3ª.
- Copia do permiso de circulación B.
- Declaración xurada segundo o modelo adxunto no Anexo II das presentes bases.
- Relación numerada de méritos que se aleguen e copia cotexada dos documentos xustificativos correspondentes.
- No seu caso, documento acreditativo, debidamente cotexado, de estar en posesión do Celga 2 ou equivalente.

Cabanas, ... de ..... de 2026

Asdo:

Número de anuncio 2026/6530

ANEXO II. DECLARACIÓN XURADA

Don/Dona ....., con DNI número .... e domicilio a efectos de notificación en ...., con número de teléfono ..... e dirección de correo electrónico .....,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Primeiro: Que reúno todos e cada un dos requisitos establecidos nas Bases da presente convocatoria.

Segundo: Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente.

Terceiro: Que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en situación de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de selección de persoal para a constitución dunha Bolsa de Emprego de persoal Auxiliar de Axuda no Fogar, asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade.

Cabanas, ... de ..... de 2026

O Alcalde,

Fernando Couce Rodríguez

2026/6530

Número de anuncio 2026/6530